

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 1324/2019.

Asunto: Contratación das obras de "ORDENACIÓN DE ROTONDA E ENTORNO ". (Plan Concellos 2017)

1.-Consta no expediente acta de replaneo previo asinada polos facultativos autores do proxecto con data 5/04/2017 e polo Alcalde con data 03/05/2017.

2.-Con data 02/06/2017 emítese informe técnico urbanístico pola arquitecta municipal.

3.- Obra no expediente proxecto técnico denominado “Ordenación de rotonda e entorno, Tui, Pontevedra” de data 21/03/2017, redactado polos arquitectos Fernando Martínez López, Miguel Carballido Pensado, Inés García Dintén e Susana Vázquez Rodríguez, **cun importe total de execución por contrata de 64.992,37 € (IVE incluído)**, (co seguinte desglose: Orzamento base de licitación sen IVE: 53.712,70 €; e IVE 21%: 11.279,67 €).

4.- Con data de rexistro de entrada de 08/06/2017, RE nº 5192, notifícase pola Deputación Provincial acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 29/05/2017 de concesión de subvención pola cantidade de 67.412,37 € con destino ao financiamento do investimento "Ordenación de rotonda e entorno, Tui" (Expte. 2017012362). A subvención contempla o importe do orzamento de execución de obra, 64.992,37€ e o importe dos honorarios de redacción do proxecto, 2.420,00€.

5.- Considerando que a xustificación da non división en lotes do obxecto do contrato se recolle no informe do enxeñeiro técnico municipal de data 15/6/2018, xa que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do proxecto dificultaría a correcta execución do mesmo, dende o punto de vista técnico.

6.- Con data 03/07/2019 emítese memoria da Alcaldía de necesidade da contratación, ao abeiro do art. 28 da LCSP.

De acordo coa citada Memoria de data 03/07/2019 e aos efectos do establecido no art. 28 e 117 da LCSP, as necesidades administrativas a satisfacer mediante o presente contrato serían:

- As obras de ordenación de rotonda e entorno, na rotonda de acceso a Tui situada na N-550 e nas isletas aledañas, veñen xustificadas pola necesidade de dignificación de este acceso tan importante á cidade, dándolle un carácter representativo e diferencial, xerando espazos de baixo e fácil mantemento, e dado que na actualidade tanto a rotonda como os espazos do seu entorno se atopan bastante deteriorados, constan de céspede sen un mantemento de alta calidade e cunha instalación de rego defectuosa. Así mesmo xustifican o contrato as competencias propias do municipio na materia de **“d) Infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade..../...”**, dacordo co art. 25.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL.

De acordo co exposto se entende xustificada a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacer as necesidades expostas, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).



EXCMO. CONCELLO
DE TUI

O Concello de Tui non dispón de medios persoais nin materiais suficientes para poder abordar a execución dos traballos que son obxecto deste contrato.

Así mesmo na indicada memoria se xustifica o procedemento de licitación aplicable nos seguintes termos:

O procedemento de licitación do contrato de obras que se propón será o de **procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación e trámite ordinario**, considerando que dito procedemento é o máis axeitado e eficiente para a finalidade que se pretende, dada a natureza das obras a realizar e a conveniencia de promover a concorrência na presentación de proposicións, e tendo en conta que o valor estimado do contrato é inferior a 2.000.000 € e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non hai ningún avaliábel mediante xuízo de valor. Así mesmo o procedemento aberto simplificado é un dos procedementos de adxudicación ordinario previsto no artigo 131 da LCSP.

7.- Visto o documento RC asinado pola Intervención municipal de data 02/07/2019, por importe de 64.992,37 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2019/1/171/61913/01.

8.- Visto o informe do enxeñeiro técnico municipal de data 03/07/2019, sobre desglose por conceptos do presuposto base de licitación, clasificación alternativa e CPV.

9.- Considerando así mesmo a proposta de prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, mediante procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación e trámite ordinario, das **obras de "ORDENACIÓN DE ROTONDA E ENTORNO"**, de data 03/07/2019, ascendendo o tipo de licitación do presente contrato á cantidade de **64.992,37 €, IVE incluído**.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no art. 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público (LCSP), **DISPOÑO:**

1.- Incoar as actuacións precisas para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación e trámite ordinario, das **obras de "ORDENACIÓN DE ROTONDA E ENTORNO"**, ascendendo o tipo de licitación do presente contrato á cantidade de **64.992,37 €, IVE incluído**.

2.- Motivar a necesidade do contrato en que as obras de ordenación de rotonda e entorno, na rotonda de acceso a Tui situada na N-550 e nas isletas aledañas, veñen xustificadas pola necesidade de dignificación de este acceso tan importante á cidade, dándolle un carácter representativo e diferencial, xerando espazos de baixo e fácil mantemento, e dado que na actualidade tanto a rotonda como os espazos do seu entorno se atopan bastante deteriorados, constan de céspede sen un mantemento de alta calidade e cunha instalación de rego defectuosa. Así mesmo xustifican o contrato as competencias propias do municipio na materia de *"d) Infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade..../..."*, dacordo co art. 25.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, LRBRL.

De acordo co exposto se entende xustificada a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacer as necesidades expostas, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).



EXCMO. CONCELLO
DE TUI

3.- O procedemento de licitación do contrato de obras que se propón será o de **procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación e trámite ordinario**, considerando que dito procedemento é o máis axeitado e eficiente para a finalidade que se pretende, dada a natureza das obras a realizar e a conveniencia de promover a concorrência na presentación de proposicións, e tendo en conta que o valor estimado do contrato é inferior a 2.000.000 € e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non hai ningún avaliábel mediante xuízo de valor. Así mesmo o procedemento aberto simplificado é un dos procedementos de adxudicación ordinario previsto no artigo 131 da LCSP.

4.- Os criterios para a adxudicación do contrato que se propoñen son os seguintes:

- Criterios valorables de forma automática:

1º.- Prezo ofertado. Máximo 40 puntos. A oferta que se axuste ao tipo de licitación obterá 0 puntos, e as restantes ofertas asignaráselle a puntuación de xeito proporcional con arranxo á seguinte fórmula, obtendo a maior puntuación a oferta que presente el prezo máis baixo:

$$Px = 40 \times \text{Omen} / \text{Ofx}$$

Siendo:

Px: Puntuación da oferta que se valora.

Omen: Oferta co menor prezo ofertado.

Ofx: Oferta da licitadora que se valora.

2º.- Redución do prazo de execución das obras. Máximo 32 puntos.

Valorarase a redución do prazo de execución de ata un máximo de OITO (8) SEMANAS de redución, valorando ata un máximo de 32 puntos pola redución máxima, e as restantes valoracións a razón de catro (4) puntos por cada semana de redución. Non serán obxecto de valoración as reducións por prazo inferior á semana.

3º.- Incremento do prazo de garantía. Máximo 15 puntos.

O proxecto contempla un prazo de garantía dun (1) ano. Valorarase con cinco (5) puntos por cada ano que se aumente dito prazo de garantía, cun máximo de quince (15) puntos por este aspecto, é dicir, tres (3) anos a maiores, facendo un total de catro (4) anos de prazo de garantía.

A elección dos criterios de valoración realizouse buscando a obxectividade dos mesmos e a fin de axilizar a tramitación do expediente de contratación.

5.- Que, por parte da Secretaría e Intervención municipais se proceda á emisión dos informes correspondentes de acordo coa normativa de aplicación.

En Tui, o Alcalde

Documento asinado dixitalmente ao marxe.